

PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE GONZALO CABALLERO MIGUEZ COMO CANDIDATO DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

A Comisión Nacional de Garantías Electorais, realizado o recuento e validación de avais presentados pola precandidatura de Gonzalo Caballero Míguez, única candidatura que formalizou a súa presentación en prazo e cumpriu cos requisitos esixidos, e comprobado que reunía a porcentaxe de avais requirido, o 2% dos e das militantes e afiliados/as directos/as que integran o Censo Oficial válido para o proceso de primarias para a elección do/a candidato/a do PSdeG-PSOE á Presidencia de Xunta de Galicia, proclamou, provisionalmente, o 30 de outubro de 2018, de acordo co previsto no artigo 239.4 do Regulamento Federal de Desenrolo dos Estatutos Federais, a GONZALO CABALLERO MIGUEZ, candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

Transcorridos todos o prazos previstos para interposición dos posibles recursos establecidos no Regulamento Federal de Desenrolo dos Estatutos e non téndose presentado ningún, a Comisión Nacional de Garantías Electorais **PROCLAMA**, definitivamente, o 2 de novembro de 2018, a **GONZALO CABALLERO MIGUEZ, candidato do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA.**

Deste acto de proclamación darase traslado ás Comisións Executivas e de Listas, Nacionais e Federais, para que se proceda a ratificación da súa candidatura polo Comité Federal do PSOE.

E para que así conste ós efectos oportunos, en Santiago de Compostela, o dous de novembro de dous mil dezaoto, dá fe desta proclamación o Presidente da Comisión Nacional de Garantías Electorais,



Jorge Parada Mejuto

